

I Concurso de Relatos Curtos en Galego

Cada ano, e con motivo do Día das Letras Galegas, a empresa concesionaria do servizo de transporte urbano, Trapsa, obsequia aos seus usuarios, principalmente aos cidadáns de Compostela, cun pequeno libro. Neste caso os viaxeiros terán nas mans un feixe de contos xurdidos da fértil imaxinación dos rapaces dos nosos colexios. O Día das Letras Galegas recupera e lembra nesta ocasión a obra do xornalista e poeta Xesús Lourenzo Varela Vázquez, nun ano especialmente fecundo en efemérides literarias. Lembramos o centenario da morte de Julio Verne, un prodixio de imaxinación, creador de todo un xénero, o de aventuras e ciencia-ficción e lembramos tamén o bicentenario do nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen, autor de contos infantís inmortais, como “A sereíña”, “O parrulo feo” ou “O soldadiño de chumbo”. Conmemoramos igualmente o cuarto centenario da publicación de “El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha”, de Miguel de Cervantes, cumio da literatura hispana. Cada un deles foi quen de crear, coa maxia de palabra, personaxes e mundos que forman parte sustancial da nosa cultura, da nosa memoria e mesmo da nosa vida cotiá. Un fío invisíbel e indestruíbel une épocas e autores e personaxes ben distintos máis que teñen en común a súa orixe: a imaxinación, materia prima da creación literaria. Os autores destes breves contos de seguro que participan desta inqueda: a necesidade de contar, de construír con palabras o mundo que bule na súa imaxinación. A todos eles a miña noraboa.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

O fomento da cultura propia é un dos obxectivos das Administracións, pero tamén e un labor daquelas empresas con responsabilidade social. A defensa do patrimonio cultural dun pobo é o que lle confire o seu grao de instrución e de pertenza a unha colectividade. Sen dúbida, son os maiores quen teñen a responsabilidade de inculcar ós máis novos a lingua e a cultura propia, para facer delas o elemento de cohesión necesario. En Trapsa sabemos moito de responsabilidade e de servizo, porque levamos máis de trinta anos traballando arreo para a cidadanía e comprometéndonos co seu desenvolvemento. Por este motivo, consideramos imprescindible que os máis novos se impliquen na cultura do país, traballando co idioma, cunha lingua que ten que ser de uso cotiá. Porque no estímulo dos valores propios se asenta o futuro.

Gerardo Díaz Ferrán
Presidente de Trapsa

Índice

Relato gañador

“Crónica dunha infancia esquecida”

de Adrián González Sieira.....

Segundo premio

“Un micromundo”, de Sabela Aldrey Dono....

Terceiro premio

“Apocalipse”, de Francisco Javier Rego

Mosquera....

MAQUETAINTERIOR 10/5/05, 08:12 7

MAQUETAINTERIOR 10/5/05, 08:12 8

Crónica dunha infancia esquecida de Adrián González Sieira

I

Ía correndo pola rúa case sen folgos, era un escuro día debido ás grosas nubes que cubrían o ceo, uns deses días grises que deprimen e obrigan á xente a quedar na casa por se a caso caía unhas destas furibundas choivas que pouco duran, pero mollan en menos de nada. As baldosas da beirarrúa, xa escuras de por sí, aparecían ante os meus ollos dunha gris escuro que se fundía cos baixos dos meus pantalóns favoritos, agora empapados pola auga que caía sen tregua, e pola que eu mesmo estaba a levantar dos enormes charcos que se formaran no desigual pavimento e que transcorrían baixo os meus pés a gran velocidade.

Non había ninguén á vista, aínda que tampouco o agardaba, co día tan horrible que facía, estaba eu soa, desamparada e sen unha alma a quen pedir axuda, sentía os latexos do meu corazón desbocado e desexaba con tódalas miñas forzas para a coller un pouco de aire con calma. Era un día tan escuro que non chegaba a ver moito máis alá da beirarrúa de enfronte, tan deserta coma na que estaba eu, e na que nun día normal as terrazas dos bares deixarían ver parte do alegre que esta pequena vila podía ser. A escasos metros de onde estaba eu, un semáforo de cor verde escuro debería estar vixiando pola seguridade de todo aquel que quixera cruzar, pero había xa tempo que non cumpría esa destacable misión, ó ser continuo obxectivo dos principios colectivos de vándalos que non tiñan nada mellor que facer que poñer en perigo a miña vida nese momento, no que tanto eu necesitaba dunha luz que me alumeara o camiño para seguir adiante e non mollarme máis do que xa estaba, non obstante, coma tódolos días, os tres discos que tiña estaban tinguidos de negro; o día estaba tan escuro que case non se distinguían as cores, que aos meus ollos aparecían en grises máis ou menos ennegrecidos.

Ao aproximarme máis vin que non me atopaba soa e case me boto a rir do contenta que me puxen, non distinguía ben quen era, pero sentíame moito máis segura sabendo que, se me pasaba algo, polo menos tiña a alguén que me socorrera. Sentíndoo moito, non me quedaban máis folgos para seguir ó ritmo ó que ía nun principio, así que, aínda que sen parar, seguín avanzando a un ritmo considerablemente máis lento. O sol estaba case a desaparecer na desigual liña que provocan o grandísimo número de montes que arrodean

a cidade na que vivo, un lugar que está decorado cun gran número de zonas axardinadas que, nos días de sol, están cheas de xente, pero que aquel día aparecían desertas e cun aspecto bastante deprimente, tan mal iluminadas que tan só se acertaba a distinguila súa silueta, carente de forma e cor, como un bosque do que podería ser.

A miña sorte ás veces deíxame sen fala, porque a persoa solitaria que vagaba pola beirarrúa de enfronte era Lucía, compañeira inseparable dende os cinco anos, bastante despistada e bondadosa, ás veces tanto que parece medio... dá igual, supoño que xa se entende o que quero dicir.

Chameina a berros, e debeu levar un bo susto porque, coma mío, estaba ata hai pouco completamente soa. Non pareceu darlle moita importancia a que estaba completamente mollada, aínda a pesar de que é máis delicada ca unha flor no que a enfermidades se refire. Dende a súa posición, botou a correr onda min e non reparou en que, aínda que deserta, non estabamos completamente soas. Un turismo de cor escuro, non sabería precisar exactamente cal, aproximábase con pouca cautela rúa arriba, sen reparar na indefensa persoa que estaba a cruzar neses momentos.

Imaxino que non debeu vela, sobre todo debido a que a súa roupa non contrastaba en nada co ambiente de arredor, todo escurecido pola auga da chuvia. O automóbil achegábase sen coidado ningún, ó tempo que Lucía cruzaba despistada polo paso de peóns. Intentei berrarlle, pero da miña gorxa só saía un ridículo son moi ronco. Intentei achegarme a ela e empurrala fóra da estrada, pero a cada paso que daba parecía que a distancia que nos separaba era maior.

O automóbil atropelouna, ó tempo que eu soltaba un berro, o máis agudo que soltara na miña vida, e Lucía quedou tombada a un lado da estrada, cunha perna nunha posición algo rara para a vista, sangrando abundantemente. Eu, incapaz de facer nada, caín de xeonllos no chan, coa cara mollada polas miñas bágoas e pola auga da chuvia que seguía a caer, cando un segundo berro rompeu o insoportable silencio que seguiu á traxedia. Un lóstrego caera moi preto da vila, iluminandoo todo dunha maneira que me danou a vista durante unhas décimas de segundo. Despois diso, todo cambiou aos meus ollos, como se estivese nunha escena diferente. As casas que nos arroteaban, desapareceron, Lucía seguía na mesma posición na que estaba había un chisco, pero para o meu horror estaba cos ollos abertos completamente en branco, cunha expresión absolutamente diferente, case diabólica. Reunín tódalas

forzas que puiden e tentei, sen éxito, tomarlle o pulso. Estaba morta. Foi nese momento cando outro lóstrego caeu, máis preto có anterior.

Peguei un berro, supuxen que dentro dun chisco miña nai acendería a luz, viría a toda présa á miña habitación e me preguntaría a razón dos meus berros, entre preocupada e enfadada, non lle gusta nada que a esperten case á mañá, cando tan só eran as seis da mañá. Antes de que miña nai cumprira ao pé da letras as miñas prediccións, deume tempo de mirar o meu reloxo, que rezaba: "06-xun, 6.00".

Máis molesta do que eu imaxinei, miña nai volveu á cama queixándose de que a collera o frío e non sei que máis cousas. Bastante tiña eu agora co que tiña, non sería o soño unha premonición de algo horrible que lle ía suceder á miña mellor amiga? Qué queredes?, é a típica parvada que é irremediable que saia nas novelas de misterio ou terror, pero calquera pensaría que vexo demasiado a televisión, que teño que pedirlle cita ao psicólogo, ou que toleei defnitivamente. Hai que ter sentidiño!.

Coa sensación de que xa perdera bastante o tempo a pensar no meu soño, que ao cabo non signifi caba nada, erguinme da cama e púxeme a roupa para ir ao instituto, que era no que había que pensar agora, non ía alterar a miña xenial marca de notas por algo que non tiña importancia. Aínda eran as sete da mañá, pero xa estaba vestida e preparada para marchar. Pasei o que me quedaba das dúas horas que me sobaban lendo a ratos, como podía, un enorme libro de arredor de mil páxinas sobre a vida de Einstein.

Cando deron as oito marchei da casa sen probar bocado, non tiña o corpo para nada, e ao saír á rúa os raios de sol iluminaron a miña cara de fronte, e aínda tardei uns minutos, bastantes máis dos que quixera, en acomodar a vista á luz que había na rúa. Na miña casa non me gusta acender as lámpadas, son unha persoa que prefi re a escuridade. Crucei case a cegas a rúa, mentres o sol me daba de fronte, cando unha pitada sacoume do meu gran, grandísimo descoido. Déronme ganas de berrarlle unhas cantas verdades a ese pésimo condutor, cando me decatei de que o meu reloxo marcaba xa as nove menos cuarto, ía chegar tarde á clase se non me daba présa.

Cando cheguei ao instituto pasei ás carreiras de lado da profesora de Física, que estaba entretida a falar co xefe de estudos, e nunha complicada manobra para entrar na aula sen tropezar con ninguén, esvarei e levei un bo golpe onde as costas perden o seu nome, pero entre as risadas dos meus compañeiros quixen deixar constancia de que a culpa era de que alguén deixara sen

recoller un papel do chan. Abríndose paso entre todos eles, apareceron Ricardo, e detrás del Lucía, que tamén se estaban a rir de min descaradamente, en lugar de axudarme a saír do ridículo.

-Eu non sei como es capaz de facer o ridículo diante de tanta xente á vez, eu non sería capaz nin aínda que quixera,-díxome entre risadas Ricardo, e engadiu- é que estes de Ciencias usan ben pouco a cabeza.

-Veña, vale, non te metas tanto con Martiña, que unha torpeza tena calquera, e ela tamén é humana- Lucía axudoume a erguerme do chan, non sen rirse tamén de min, coma todos.

-Por certo, por alí che ven a túa profe- despediuse a toda présa el, e engadiu con sarcasmo- máis vale que apures se non queres corrixir os exercicios.

En efecto, o corredor, antes totalmente cheo e inmerso nunha unánime gargallada, aparecía agora case baleiro debido a que os profesores estaban a punto de començar as clases, e eu era unha das últimas en entrar, aínda que sempre está ben variar un pouco.

A profesora estaba a agardar por min, cun sorriso de orella a orella, para dicirme que tiña que corrixir o exercicio. Xa sen sentarme, saín ao encerado baixo a atenta mirada dalgúns deles que seguramente aínda se estaban a rir do incidente de antes. Ao rematar, aínda que estaba ben, a profesora non me deu ningún sinal que quixera dicir: "Parabéns, Marta, podes sentar", así que sentei de todas maneiras, aínda que de morros.

Seguindo a iso, ensináronnos os exames fi nais de Física, e contemplei totalmente pampa o enorme sete que, pintado de vermello, ocupaba o espazo sen escribir que quedaba na folla. Cando lle preguntei á profesora respecto da miña nota, contestoume que un dato estaba mal copiado, que xa sabía que eu estudara moito pero que non me podía dar máis nota; e así desapareceu pola porta da aula baixo a miña mirada homicida.

Así transcorreu toda a mañá, eu totalmente deprimida pola miña nota, bastante máis baixa ca de costume, cando me atopei á saída do instituto outra vez con Lucía, e por fi n puiden contarlle o que me viña preocupando toda a mañá, o meu soño.

-Así que queres quitarme do medio!- dixo, ríndose de min outra vez- Marta, non me digas que estás así por iso, ademais, a min no me importa que me odies ata tal extremo, saberei vivir con iso.

-Non é iso!. En realidade é por todo, a miña vida está a converterse nun verdadeiro desastre.

-Pois aínda que te poñas así non conseguirás que cambie, se queres render mellor na clase, terás que descansar máis- engadiu ela.

-Ese é precisamente o problema!, non podo durmir ben

porque soño contigo, e contra iso non podo facer nada comecei a enfadarme.

- Oe, que teño un atractivo natural que non...

Isto xa era máis do que podía aturar. Todos os que me coñecen no instituto saben que teño unha paciencia que merece a pena ser mencionada, pero que se rían de min cando lles estou contando as miñas preocupacións non o podo aguantar, síntoo.

Bastante malhumorada, despedina e funme a casa.

Miña nai non chegaba aínda ata as cinco da tarde, así que dispoñía de dúas horas libres para estar na casa facendo calquera cousa, que en principio sería rematar os deberes e leer a biografía de Einstein. Na miña casa non se falaba nunca do meu pai, eu non cheguei a coñecelo, e ninguén me falaba nunca sobre el. Na miña casa era un tema tabú que pola diversidade de reaccións que ocasionaba na miña nai, nos meus avós e tíos eu non me atrevía a tocar.

Ás veces considérome moito máis forte do que en realidade son. Aquel fora un día realmente que preferiría non se repetira xamais, nunca!. O caso é que cheguei á casa como quen di ás cegas, porque cando estou de mal humor non me apetece ver nin escoitar nada, abrí a porta, entrei na casa, e tan pronto saquei a mochila e a cazadora boteime a chorar. Non sei ben canto tempo estiven así, chorando de rabia e de tristura, pero pouco despois de que conseguise repoñerme chegou miña nai. Non debeu notarme nada raro porque nada me preguntou ao respecto.

Esa noite funme cedo para cama, esperaba durmir de seguido, pero non foi así. Dábame medo pechar as pálpebras, porque o soño do día anterior afectárame moito máis do que eu supuxera nun principio, non só eran os horrores que se viran no soño, senón o feito de que fose Lucía quen os padecese.

Tampouco sei desta vez canto tempo pasou, sentía o rítmico son do espertador sobre a miña cabeza durante moito, moito tempo, ata que me fun deixando levar pouco a pouco ata que non puideren resistilo máis.

II

Estabamos soas no medio de ningures, tan só arrodeadas de moreas de grosos troncos de árbores que limitaban o noso campo visual ao mínimo. Non podía saber o tarde que era, porque a penas algunhas raiolas de sol coábanse a través do grosso teito de follas que as árbores formaban por riba de nós. Intentei buscar coa vista a Lucía, inútilmente.

Desaparecera, pero sabía que estaba alí.

Intentei chamala, pero non houbo resposta algunha.

Púxenme a andar sen rumbo fi xo, non esperaba atopala, pero polo menos non me collía o frío. Os meus ollos

tardaron aínda bastante en acostumarse á escuridade, polo momento, aínda non era capaz de distinguir ben as formas, e vía todo moi borroso.

Pensei que caía a un baleiro do que non podería retornar xamais, pero cando parei no chan, respirei aliviada; o meu pé quedara enredado nunha planta excesivamente crecida.

Alguén berraba e eu sabía quen era. Quixen berrar eu tamén, porque non podía liberarme da planta que me tiña presa. Para cando conseguín verme libre, os berros xa non se oían. Boteime a chorar, imaxinando centos de cousas que lle sucederan. Aínda coas bágoas nos ollos, chorando para o meu interior, oín un crac procedente de algo que acabara de pisar.

Eran os lentes de Lucía. Mirei ó meu redor e imaxinei a escena, Lucía afogándose lentamente no que parecía o comezo dunha zona pantanosa.

Erguinme a duras penas da cama, pasara unha mala noite que seguramente ninguén se podía imaxinar. Por segunda vez nunha semana, boteime a chorar en silencio.

Para cando conseguín dominarme, eran xa as seis da mañá. Non se me pasou pola cabeza volver á cama.

O tempo pasou excesivamente lento esa mañá. Non quixen comentarlle de novo a Lucía o dos meus soños porque íase volver rir de min. Decidín abordar a outra persoa en quen eu máis confiaba. Ricardo.

A mañá foi, se cabe, moito máis desastrosa cá anterior.

Case tódolos mestres que tiveron durante a mañá chamáronme a atención por mor da miña pasividade, que eu máis ben identifícaría como sono, pero iso xa é cuestión de cada persoa. Acabei as clases feita un mar de nervios e seguramente con tres ou catro ceros no caderno de cada profesor. Decidín non pensar máis niso e propúxenme contarllo a alguén.

Coñezo a Ricardo dende hai ben tempo e sei que non se riría de min nun momento tan baixo coma o que eu estou a pasar agora, é un amigo co que podes contar nos momentos máis desastrosos da túa vida.

Expúxenlle o meu problema con claridade. Durmía moi mal, e con medo a soñar cousas terribles coma as que estaba a soñar estes días, e como consecuencia todo na miña vida académica estaba a dar un xiro extraordinario, para mal, claro está; e aínda para mal de colmo, Lucía non lle daba nin a menor importancia ao asunto, e eu estaba a pensar nel todo o día.

A “solución” estaba clara, antes de alarmarme coma estaba a facer ata agora, ía agardar uns cantos días máis, e se a cousa non cambiaba a mellor, habería que falar cun especialista, un psicólogo.

III

Aínda que clarísima, a solución non me fi xo nin chisca

de graza, porque non quería que o meu problema se airease aos catro ventos; pero chegara a hora de tomar o touro polos cornos e unha cousa tiña clara: ningún soño me faría cambiar as miñas excelentes notas; sei que non está ben que eu o diga, pero é para darlle máis énfase ao conto.

Non era certo.

A miña vida na escola fíxoseme cada vez máis insufrible, porque en troques de atender ás explicacións estaba medio durmida sobre o papel. Ao cabo dunha semana e media, cando estaba xa a rematar a escola e as temperaturas eran cada vez máis altas, as miñas notas nos exames baixaron sorprendentemente, dun nove a un seis, dun dez a un cinco, e cousas polo estilo. Para os meus mestres xa non era a Marta que estudaba, que sacaba a clase adiante, senón unha máis dos arredor de trinta alumnos que tiñan. Imaxínome que non estaban dispostos a que unha das súas mellores alumnas caera en picado ao termino do curso, porque un día, tan pronto entrei pola porta da casa, miña nai agardábame cunha cara que nese momento déronme ganas de dar media volta e fuxir escalerías abaixo e atoparme a unha distancia dela o sufi ciente para que entre nós houbera polo menos dúas cidades equivalentes a Santiago.

Naturalmente, non era sí.

Falamos longo e tendido das miñas notas, e non tiven máis remedio que confesarlle o que me pasaba cando estaba a durmir. Nesa semana, todas as noites ao caer nos brazos do sono tiña uns soños do máis variados que só tiñan unha cousa en común, a morte de Lucía. Miña nai non quixo falar máis do asunto, non se molestou nin sequera en chamar a un médico, non volvemos a mencionar este tema ao longo de polo menos outra semana máis.

Non obstante, agora era eu a que tiña curiosidade.

Como sabía que Lucía se ía negar, pedinlle a Ricardo que por favor me acompañase ao ambulatorio para pedir cita ao psicólogo. Xa que tiña algo, polo menos saber qué era. Cando llo contei a miña nai, puxo o grito no ceo; que como se me ocorrera unha idea semellante, que non tiña sentido ningún, e cousas polo estilo.

Ao principio non me deixaba ir, pero despois dunha discusión moi forte con ela concluímos en que faría o que me viñese en gana, pero que con ese encontro só me ía facer máis dano a min mesma. Cada vez entendía menos na miña casa, suponse que unha nai está para axudar aos fi llos non seus momentos máis difíciles, pero no meu caso non era así. Unha vez máis de entre tantas, boteime a chorar sen saber por que antes de poder conciliar o sono, no que eu xa sabía o que ía a

ocorrer.

IV

Chegara o día, ao principio pensei seriamente en non acudir á miña cita co doutor Moure pero Ricardo non se tomara tantas molestias ao longo de todo este tempo para que quedara todo en auga de castañas. Quería chegar ata o fi nal, saltar ao baleiro e saber o que ocorría comigo.

O doutor tívonos case tres cuartos de hora agardando nunha sala de espera máis ben sosa, coma a de todos os centros médicos, pero a miña entrevista con el foi bastante máis longa do que Ricardo e mais eu imaxinamos nun principio. A peor parte non estou segura de quen a levou, poque aínda que eu tiven que responder a un monte de preguntas sobre os meus soños, a miña situación actual e, como non, a miña infancia. Pero o meu amigo tivo que estar case dúas horas e media aburríndose na sala de espera mentres eu non saía.

Cando saín, estaba algo mareada, e sobre todo moi enfadada con toda a miña familia, porque o doutor Moure fi xérame ver claramente que non tiña case información sobre o meu pasado, nin do da miña familia, e, o que para el era máis rechamante, sobre meu pai. Ricardo case non fi xo pregunta algunha, pero fun eu a que lle din as respostas que tanto ansiaba e non quería indagar.

O doutor Moure concluíra que, ademais de ter un comezo de depresión, os meus soños podían estar debidos a tres cousas: unha carencia afectiva que eu intentara solucionar coa miña amiga á que non quería perder por nada do mundo; un medo interno a que a miña amiga lle ocorrese algo terrible, ou ben algún episodio pasado da miña vida que non podía ou non quería recordar.

V

O peor do inferno é non saber que estás nel. Ata ese momento da miña vida, a miña familia debía ser unha das que máis segredos tiña das que existían. Esa tarde, a iso das sete e media, tiven outra discusión moi forte coa miña nai. Dixémonos de todo, pero só ela rematou chorando.

Non obstante, tiven aínda que agardar atas as oito e cuarto para que miña nai, sen deixar de chorar, se me achegara e se abrazara a min coma se non me vise dende había anos.

Aquela non era miña nai.

Normalmente era unha fi gura solemne, case imperturbable, que era un cofre pechado que non abría o seu corazón nin aos seus seres máis queridos. Aquela tarde sentín que a coñecía, que

ata agora estaba a vivir con alguén estraño que, dezaseis anos despois, se revelaba ante min como unha persoa totalmente diferente ata agora. Pedíume perdón por non ser sincera comigo ningún momento da súa vida. A partir dese momento comezou un intermible percorrido pola historia familiar.

Meu pai traballaba de vendedor nunha empresa do polígono do Tambre que traballaba facendo pezas decorativas con materiais de todo tipo, era un home novo que casara con miña nai había xa uns quince anos.

Tivo un desgraciado accidente de tráfi co que lle quitou a vida e a piques estivo de levarme a min tamén, pero os médicos do Hospital Xeral conseguiron salvarme cando case non quedaban esperanzas para min. No accidente morreron tamén dúas persoas máis. Polo que parece meu pai metérase sen querer no carril do lado e chocaron de fronte.

O inferno non tiña mellor cara cando xa sabías que estabas nel.

Coñecer de súpeto todos eses datos sobre a miña vida familiar non me axudou moito a superar o problema que tiña actualmente, só acertaba a supoñer que tiñan relación cos meus soños, nos que aparecía case sempre un automóbil. Lucía aínda non encaixaba na historia.

Unha nova cita co doutor Moure bastoume para poñelo ao corrente de todo o novo que sabía.

Esa vez tiveron o valor suficiente para ir soa.

Lamentablemente, non foi quen de solucionar o problema que máis preocupada me tiña, a miña mellor amiga. Tan só atinou a dar unha hipótese, e era que os meus soños encarnábanse nela porque era quen ata ese momento me escoitaba máis, con quen máis tempo estaba a pasar sempre, e non sei que máis cousas. Non lle dixen un non rotundo, pero non me amosei moi convencida coas súas teorías.

Era un día escuro, que non se daba decidido a chover ou non. Eu estaba a pasear tranquilamente polo parque e o día perdeu de súpeto toda a súa luminosidade cando unha nube extraordinariamente grande e escura pasaba por riba do escaso sol que quedaba no día.

Decidín ir para casa por se acaso a noite se me botaba prematuramente enriba. Aínda era cedo, pero non o parecía. As luces estaban todas apagadas e a rúa tiña cada vez menos xente.

A calma artificial da tarde viuse rota por un

automóbil que cruzaba a gran velocidade unha curva bastante pechada. O estrondo foi enorme. O turismo que ía a máis velocidade non deu xirado a tempo para evitar ao outro que viña en sentido contrario e chocaron aparatosamente.

Xente de todas as partes viña correndo para ver o sucedido e prestarlles os primeiros auxilios aos accidentados, pero pouco había que facer xa, tres morreran no acto e tan só había unha persoa, moi pequena, que estaba en moi mal estado.

Achegueime máis case temendo o que ía ver.

Un bebé de menos de medio ano de idade estaba aprisionado entre o monte de ferralla no que se converteran os coches accidentados. Con gran difi cultade, algúns dos transeúntes máis valentes conseguiron, non sen gran traballo, sacala de dentro do vehículo.

Aquilo era realmente o inferno.

Achegueime máis para ver a escena con máis detalle, cando sentín que caía ao baleiro de novo. Espertei na cama, chorando coma unha nena, e acordeime do que vira.

A meniña era eu.

Un micromundo, de Sabela Aldrey Dono

O condutor para o autobús. Unha muller e un neno agardan na parada.

Os dous entran e a muller paga dous billetes.

- Un normal e un escolar.

- Un con vinte e cinco.

- Aí ten.

- Agarde, agarde. Esquece a volta.

- Ui! Como estou!. Que descoido!

O condutor sorrí. Pasa acotío iso de esquecerse a volta.

A muller e o neno teñen que quedar de pé. Hai moita xente no autobús. Tódolos asentos están ocupados.

- Sente ó neno, muller. Eu deixolle o sitio- di un home de xersei vermello.

- Moitas grazas, home. Pero no fai falla.

- Se non pasa nada. Sénteo que eu baixo na próxima.

- Grazas outra vez.

A muller sorrí ó home do xersei vermello e senta ó cativo.

No asento do lado hai unha señora de cabelo branco e ollos azuis. Agarra un cesto baleiro que ten enriba dos xeonllos. Agora mira ó neno, sorrí e logo dille á nai:

- Elvira, canto tempo que non te vía!

- Ai María! Ola! Se está claro que hoxe teño un descoido completo. Se non me chegas saudar

no te vía. Hoxe non sei que demos teño!

Dígocho de verdade. Estou noutro mundo.

- Non pasa nada, muller. A min ocórreme o mesmo moitas veces. Eu xa che vou vella, e xa sabes. E digo eu, que raro que ti collas o autobús! Sempre vas no coche.

- Bo! É que o teño no taller. O meu fi llo maior que sacou o carné a semana pasada, e vaia estreno que lle deu!. Bateu contra un sinal de tráfi co. E xa ves.... O rapaz quedou pesaroso e di que aforra e que me paga a prazos o arranxo, pero eu xa lle dixen que nada diso. Pero mira, polo menos, xa ves fi lla, que tivo boa intención e todo.

- Si muller, tes razón. Eu ó teu maior vino o outro día no autobús, que ía coa rapaza que vive a carón meu.

- Si, si, é a moza. Bueno, el di que non é a moza, pero eu penso que é. Cousas de rapaces.

- E este pequeno, que tempo che ten?

A muller agarima a cachola do cativo mentras di:

- Pois ten cinco anos, recén cumpridos o martes pasado.

- Pois si que é grande. Estache ben alto, si señor.

O neno observa como a súa nai fala coa señora.

Mira para esquerda e para a dereita, para esquerda e para a dereita. Observa e escoita en silencio.

Pero de súpeto a súa atención fi xa outro obxectivo.

No asento traseiro hai unha rapaza con dous

pendentes na cara: un aro no nariz e unha boliña

baixo o beizo inferior. Ademais leva unha camiseta

de Mickey Mouse. A rapaza decátase de que o neno

mira para ela fi xamente e saúdao coa man. Di:

- Ola! Como te chamas?

- Mateo- Di o neno moi baixiño.

Ten vergoña e agocha a cara detrás do respaldo do

asento. Pero segundos despois mira fi xamente os

pendentes da rapaza. Esta vólveo saudar coa man.

O neno xa non ten vergoña e pregunta:

-Doeuche?- E sinala o seu nariz e a o beizo inferior, mentres mira os pendentes que ten ela na cara.

- Non- Di a rapaza- case nin me din conta de que mos estaban facendo. Así que mira o pouco que me doeu.

Sorrille.

A nai rífalla ó fi llo:

- Non sexas pesado coa rapaza, anda.

A rapaza vai á beira dunha amiga. A amiga non

ten ningún pendente. Ten unha camiseta que pon

"I love dancing". Son as únicas que levan manga

curta no autobús. A amiga sorri cara a porta do

autobús. Nesta parada acaban de subir tres rapaces duns quince anos. Levan todos chándal e bolsa de deportes. Os rapaces saudan á amiga. Un deles é moi alto. Debe medir metro noventa. Chega ó carón da amiga e di:

- Onde vas?

- Quedamos Isa e eu con Mario para mercar un agasallo para Susa- Explica a amiga.

O rapaz sorri cara as dúas e di:

- Pois saúda ó Mario da miña parte, que fai moito que non o vexo. Eu vou adestrar con estes dous. Hoxe non me apetece nada, pero que remedio. É o deber.

- Co que che gusta a ti xogar ó fútbol e hoxe non che apetece ... Éche ben raro.

Agora quedan en silencio. A amiga da camiseta que pon "I love dancing" diríxese entón cara outro dos rapaces de chándal. Este é máis baixo que o anterior. Ten o pelo peiteado en crista. O peiteado en crista está de moda. A da camiseta que ten escrito "I love dancing" dille ó rapaz do peiteado en crista:

- Oes, Manu, e ó fi nal. Que tal che saíu o exame de física? Como dicías que case non o prepararas...

- Ó fi nal bastante ben- di o rapaz mentras bota un suspiro de alivio.

- -Xa me parecía a min. É case imposible que a ti che saia mal un exame. Co chapón que ti es...- di a rapaza mentras bota unha gargallada.

- Pois non te creas. Dígoche de verdade que case non estudara. Que non me deu tempo porque a fi n de semana tiven partido e outras cousas que facer.

A rapaza pon cara de incredulidade. O terceiro rapaz con chándal ve nos asentos do fondo do autobús a alguén coñecido. Levanta o brazo en sinal de saúdo. Nos asentos do fondo un rapaz con lentes escoita a música cos auriculares. Ve ó do chándal e saca os cascos para poder falar con el.

- Como che vai?- pregunta o rapaz dos lentes.

- Coma sempre. Vou adestrar.- di o do chándal- Que escoitabas no "diskman"?

- Un pouco de "House".

- A min non me gusta moito escoitalo. Para facer un poco o parvo na disco si, pero para escoitar así nos cascos... Onde baixas?

- Dentro de dúas paradas.

Na televisión que está no centro do autobús están a proxectar un videoclip no que varias rapazas bailan aerobic de forma sensual. O do chándal e o das lentes miran o video atentamente.

- Están ben boas, eh!- Di o das lentes mentras recolle os auriculares e os garda na mochila.

- Si ho!. Este video xa o teño visto máis veces no bus. É o meu preferido.

- Os dous rin. As dúas rapazas das camisetas de manga curta miran para eles e menean a cabeza en sinal de resignación.

Ó lado do rapaz das lentes vai sentada unha moza duns vinte anos. Está lendo uns apuntes. Non levanta a cabeza en ningún momento. Le unha e outra vez a mesma páxina e parece que repasa mentalmente. De cando en vez aparta o pelo porque leva a melena solta e moléstalle para ler. Ó seu lado vai unha nena de uniforme escolar. Hai outras dúas nenas de uniforme na parte dianteira do autobús.

As dúas levan cinta o pelo. Falan sen parar.

- Entón quedamos toda a clase castigada por culpa do parvo ese- di unha das nenas de uniforme.

- Pois o seu irmán vai na miña clase e é moi simpático.- di a outra.

- Será simpático o seu irmán. El é un parvo.

O autobús chega a unha parada chea de xente.

Vaise encher de tanta xente que sobe. Un dos que entra é un ancián con bastón. Unha muller que está no primeiro asento levántase e déixalle o sitio ó vello:

- Sente.

- Non te preocupes. Volve sentar.

- Sente, que eu vou baixar pronto- Insiste a muller mentres sorrí.

- Grazas.- Contesta o ancián do bastón.

O autobús chega de seguido á próxima parada. O rapaz dos lentes despídese do rapaz do chándal. Ó saír do autobús volve poñer os cascos. No sitio que ocupaba o dos lentes séntase un home de maletín. A rapaza dos apuntes levanta a cachola por primeira vez e queda mirando para el. É moi atractivo. Parece sacado dunha película de cine clásico.

O autobús topou cunha fochanca e pegou un chimpo. Os que están de pé cambalean por uns segundos. A nena do uniforme que está ó fondo do bus case cae do asento. Ten que apoiarse no respaldo do asento de diante para non caer.

Nos asentos de diante van dúas mulleres moi enfeitadas. Van falando dun "reality show".

Unha toma moi en serio a conversa e exprésase esaxeradamente, movendo as mans. Pronto cambian de tema. Falan dos prezos dos pisos. Unha conta que coñece a un home que vive nun piso de

vinte e cinco metros. A outra pon cara de asombro.
- Pos é así como cho conto. Vive nun piso de vinte e cinco metros. Cando fai a súas necesidades no water, cheira todo o piso.

As dúas rin. A nena do uniforme escoita o comentario da muller maquillada e sorrí. A nena mira pola ventá. Acaba de ver fóra, na rúa, a unha amiga. Saúdaa coa man. O autobús para. Nesta parada baixa moita xente: as rapazas de manga curta, a nai co neno, o home do maletín, a muller que lle deixou o sitio ó do bastón... Soben no autobús unha parella de mozos moi acaramelados, unha señora vestida de gris coas cellas pintadas, unha muller moi delgada e dous rapaces con rastas. O autobús arranca. A señora das cellas pintadas ocupa o asento no que estaba o neno. Ela tamén leva un cesto beliro, igual que a vella dos ollos azuis.

- Vas para a praza?- Pregunta a das cellas pintadas.

- Si- di a dos ollos azuis.

- Pois eu tamén.

O autobús nunca queda baleiro. Sobe e baixa moita xente, como nas noras das feiras. Un ancián con bastón, mulleres que van con cestas para a praza, nenas con uniforme escolar, un rapaz con crista, un rapaz con lentes que escoita música, un home con maletín, unha universitaria, unha rapaza con piercings, dúas mulleres moi maquilladas, dous rapaces con rastas, unha parella de mozos moi acaramelados, unha muller moi delgada, unha nai co fi llo pequeno, adolescentes que escriben mensaxes no móbil, unha muller embarazada, un home que leva ó fi llo no carriño, dous vellos que falan do partido do domingo, un home de xersei vermello, dous rapaces con pancartas que din "Non á guerra", un home de bigote que mira mal ós rapaces das pancartas, un rapaz duns once anos que leva a mochila cargada de libros, dous rapaces e unha rapaza coa petrina do pantalón nos xeonllos, unha muller que fala moi alto polo teléfono móbil, un escritor coñecido, dous universitarios con carpeta, tres rapaces que falan de comics, unha rapaza con zapatos de plataforma, un home que se soa os mocos, unha muller cun cativo no colo, unha muller que masca chicle, un rapaz que le un libro do escritor coñecido...

O autobús chega á última parada. Nel só queda a moza que estuda os apuntes e o vello do bastón. A rapaza dos apuntes despídese do condutor e do vello e baixa do autobús.

- Como me gustaría ter outra vez a súa idade- Di o vello mentres observa como a rapaza se vai afastando.

- Iso mesmo penso eu ás veces- Engade o condutor mentres mira o baleiro - Pero, se quere que lle diga a verdade, eu de momento non teño queixa. Levo ben o paso dos anos.

- E vostede non se aburre de estar sempre dando voltas no autobús? De recorrer sempre os mesmos lugares?

- Esa pregunta fanma moitas veces. Ten vostede razón, sempre vou polos mesmos sitios, sempre dou as mesmas voltas. Pero os que me acompañan na miña viaxe non sempre son os mesmos. Eu penso que o lugar onde hai maior variedade de xente é no autobús. Senón fíxese vostede noutros sitios públicos e verá como o que lle estou a dicir é certo. Esa variedade de xentes é o que fai que o meu traballo cotián non sexa rutinario. Cando me ergo polas mañás penso en que atoparei con todos eses tipos de persoas, dende o máis cativo ata o máis vello, e xa vou contento traballar.

- Xa entendo. Para vostede o autobús é como un mundo en pequeno.

- Iso mesmo. Para min é como un micromundo.

- O condutor e o vello saen do autobús. O vello despídese e condutor queda caviloso mirando como o outro marcha camiñando moi amodiño, co seu bastón na man. Logo respira moi fondo, como se quixese absorber todo o aire que lle rodea. Sorrí durante uns segundos e volve ó autobús. Xa se aproximan algunhas persoas á parada.

Apocalypse de Francisco Javier Rego Mosquera

Empapado de suor, abriu os ollos sobresaltado por un ruído que proviña do medio dun monte de roupa que tiña enriba da mesa, preguntouse onde estaba e quedou mirando para o teito, onde colgaba unha lámpada de cuarenta e cinco vatios que apenas chegaba para alumear aquel cuchitril; estaba tirado enriba dunha colcha vella no chan, cunha peza de roupa que non tiña moi claro que era facendo de almofada baixo a súa cabeza. Sentía unha forte dor de cabeza debido á resaca, e tiña frío debido a unha corrente de aire xélido que proviña de fóra, foi entón cando reparou que se soltara o plástico que tapaba o que

debera ser unha ventá había bastante tempo. Decidiu levantarse e ir cara aquela musiquiña tan familiar que o despertara, era o móbil que estaba soando, e debía ser importante, pois moi pouca xente tiña aquel número. Os seus corenta e cinco anos non tiña moitas amizades precisamente, debido sobre todo ó seu traballo. Acercouse á mesa e rebuscou entre o rebumbio de roupa ata que o atopou, foi entón cando viu na pantalla do aparello que era Loncho, e estrañoulle, pois había bastante tempo que non sabía nada del e xa o daba por morto ou encadeado.

- Si? –dixo ó descolgar, cunha voz seca que denotaba que acababa de despertar.

- Oes, teño un traballo para ti, ten que ser esta noite, interesache?.

Recoñeceu ó momento a súa voz, non cabía duda de que era el, de algo tiña que valer seren amigos inseparables dende pequenos; de repente veulle á cabeza a súa imaxe, pequeno e gordo como era, con cara de bonachón na que soía lucir unha espesa barba, e vestido sempre de mala maneira, sen preocuparse o máis mínimo do seu aspecto.

- Depende, onde?, pagase ben?- normalmente non facía tantas preguntas, pero desta vez, estrañaballe que levara tanto tempo sen chamar e o fi xera agora así sen máis, ofrecéndolle un traballo sen sequera preguntarlle como estaba ou algo así.

- En Revixós, unha aldea de Dodro, un traballo limpo, con coitelo, nada de pistola, queren o menor ruído posible, chegar e marchar, ti sí te ocupas da morte, o resto é cousa deles; parecenche ben douscentos euros?

- Non esta mal, mentres que só me ocupe diso- “Que non esta mal?”, pensou, “Nunca me pagaran tan ben, tal e como estan os tempos...”.

- Pois recóllote as oito de sempre, se puntual.

- Si, esperame alí, pero prefí ero ir pola miña conta- ante todo cabía ser precavido, non seguía vivo e á marxe da lei por terse fi ado sempre da xente, cousa que lle ensinara seu pai, que lle soía decir “ non te fi es nin de teu pai” cando era pequeno- asi que sígote na moto. E colgou, sen darlle tempo a contestar, pousou o móbil enriba da mesa e dispúxose a almorzar, o que para el viña sendo buscar algo que meter na boca entre todo aquel rebumbio de lixo e roupa, unha mala nutrición que, non obstante, no se lle notaba no corpo, alto, ancho e forte como era, cos músculos marcados a base de facer exercicio e traballar.

A escasos quilómetros de alí Loncho acababa de sentir o ton de colgado no seu teléfono, suando, separouno da orella e meteuno no peto, deseguido sentouse nunha cadeira e suspirou, encontrábase nun antigo garaxe da súa propiedade e non estaba só.

- Moi ben- díxolle un home ó seu carón- esta noite por fi n collerémolo- e sacando un walkie talkie do peto púxose a falar por el – Veña, preparade o encontro, que quero todo listo o antes posible.- tralo que se volveu a dirixir outra vez a Loncho. Tranquilo, se todo sae segundo o previsto non tes nada que temer.

- Pero non sería mais doado chamar á policía e que o prendesen ou algo así?- Dixo con cara de desconcerto e ata un chisco de esperanza.

- Recórdoche que se estás aquí é gracias a nós, se non fose por iso seguirías naquel sitio de mala morte que non se pode nin chamar cárcere, e ademais démosche a elixir e aceptaches isto antes que volver para o caldeiro.

“É verdade”, pensou Loncho, nuns tempos coma os que corrían, ata unha persoa coma el acababa no cárcere, e sabía o difícil que era saír unha vez que se estaba dentro, porque iso soía ser para toda a vida, e dábase conta da sorte que tivera el de que aquela mafi a o sacara daquel inferno así sen máis, pero agora chegara o momento de devolverlle o favor, xa sabía que tería que ver algo con iso, de feito só podía ser por algo referente a este tema, pero o que non pensaba era que ía ter que levar a unha morte segura ó que fora o seu amigo da alma, o que fora o seu compañeiro inseparable dende sempre, o que o sacara de tantos apuros e coidara del coma se dun irmán se tratase, pero non se lle pasaba pola cabeza volver a aquel pesadelo de lugar no que botara case dous anos da súa vida, “non penso volver”, pensou pra si, “ninguén soportaría volver pra un sitio así”, díxose a si mesmo para non sentirse culpable do que estaba a punto de facer. Pero por outro lado, Xabier só era un rebelde máis que loitaba polo seu e polo seu pobo, contra un goberno que intentaba mediante a forza da suposta “lei” eliminar os rasgos característicos de todas as nazóns históricas con cultura propia, non entendía como era posible que se chegara a ese punto só douscentos vinte e tres anos despois de entrar no segundo milenio, se o único aque facía era contribuír a manter as tradicións galegas, como estaba a punto de facer esa noite celebrando

a matanza do porco, feito que era perseguido pola lei vixente, admitindo ilegal tanto estas prácticas como a simple cría de gando nunha casa particular por supostas razóns de “hixiene e calidade”, o que contradecía unha época na que se intentaba que todo fose o máis natural posible, como a utilización das fontes de enerxía reutilizables, ou a total erradicación de produtos químicos nocivos da vida pública; pero como froito destas prohibicións tamén se deron efectos colaterais, como a creación de mafi as que se ocupaban de velar polos intereses dos peixes gordos que tiñan o poder, como era naquel caso o dono da meirande rede de matadoiros de Galicia, que non era pouca cousa, e que tiña especial interese en conseguir a cabeza de Xabier a calquera prezo, pois era unha especie de guía, de exemplo, pra todos aqueles que tamén se resistían ó goberno, poñendo en perigo a súa vida constantemente por algo que pra eles se levaba no sangue: o espírito galego.

Loncho sempre axudara a manter este espírito, sempre se dedicara a realizar os contactos entres os “produtores” e os “produtos”, como él os chamaba, ou sexa, entre a xente que avogaba por manter as tradicións e a xente que as mantiña, por iso sempre poñía en contacto a matadores con criadores, ou a labradores con propietarios de terras e mesmo a profesores de historia galega con pais que querían que os seus fillos soberan todo da súa nación e continuaran coa tradición; sempre fora así ata dous anos atrás, cando o collera a palloca a el e mais a un xornaleiro, ó cal estaba poñendo en contacto con un suposto propietario dunha finca que quería que fora sementada con herba de coca e que resultara ser un policía da secreta. Fora directo para o cárcere, sen xuízo nin nada, era así como funcionaba, se te cachaban tiñala clara, ata mesmo se eras inocente e te acusaban por erro, era o risco que se corría ó moverse nese ambiente ou andar con alguén que o fixese. De súpeto os seus pensamentos levárono de novo a Xabier, empezaba a sentirse máis culpable do que xa se sentía por facerlle aquilo, e ocorréuselle que tiña que facer algo pra evitar aquilo, supoñía que el non ía saír moi ben parado, pero non lle podía facer aquela putada, non sen intentar algo.

- Por certo estáseme ocorrendo...- dixo dirixíndose a aquel home traxeadado con cara de asco ó que todos chamaban xefe e respondía ó nome de Totono... que o mellor momento pra collelo desprevisto vai ser cando acabe de abrir

o animal en canal e o estea colgando, é o único momento no que deixa a un lado os coitelos, e creme si che digo que con eles na man é moi perigoso, mesmo para cinco homes.

- Pero non lle dixeches que só se tiña que encargar da morte?, e iso segundo teño

MAQUETAINTERIOR 10/5/05, 08:12 67

68

entendido só é cravarlle o coitelo e deixalo desangrar.

- Si, pero díxome que si facía o traballo facíao ben, ata o final, e logo colgou.

- Merda, e porque non dixeches nada antes?, pois será mellor facelo así, quero que todo sexa perfecto e non quero baixas entre os meus homes, só unha morte limpa é o que pediu o señor Fernández- logo sacou un teléfono móbil do peto e marcou un número- Cambio de plans, faremos o traballo cando o individuo acabe de colgar o animal, preparade tódo inmediatamente.

O señor Fernández era unha das persoas máis ricas de Galicia, propietarios dunha das maiores cadeas de matadoiros, nos que todo estaba robotizado, e que acadara o elevado estatus na sociedade do que dispoñía grazas á súa amada "lei", que mediante a prohibición das matanzas particulares déralle uns beneficios asombrosos, beneficios polos que velaba coa axuda do seu "equipo" de matóns, eliminando calquera obstáculo que se lle interpuña; fora pola forza como se conseguira facer con moitos máis negocios, e grazas a ela tamen os mantiña.

"Bueno", pensou Loncho, " iso dáme unha marxe de tempo pra intentar polo menos facer algo, débollo".

"Que raro", seguía pensando Xabier, "que raro non saber nada del en case dous anos e que agora me chame así sen máis, coma se nada"; estaba sentado á mesa, cun trapo manchado de grasa nunha man e unha escopeta de canóns recortados na outra, aínda suaba porque estivera correndo case unha hora e botara outros corenta minutos levantando peso, tarefa que repetía todas as mañás pra manterse en forma, o que deixaba ver claramente un carácter totalmente disciplinado. Había tempo que non usaba armas de fogo, e con esta que tiña nas mans non o tiña pensado facer nada, "máis vale prever que lamentar", repetíase case constantemente. De repente deixou o que estaba facendo e ergueuse, acababase de acordar que facía case tres días que non ía por onda Paula, e sabía como era esa muller, que se preocupaba por nada,

“ademáis teño fame, e nunca esta de máis unha boa cunca de caldo”, así que puxo unha chaqueta de coiro que lle chegaba ata un pouco máis abaixo dos xeonllos e da que nunca se separaba, e dispúxose a saír. Pechou aquela porta de madeira medio torta case podre a punto de romper e tirou a chave nun cacharro de latón que había colgado na parede e que outrora servira de maceta, e dirixiuse a un caseto máis ben pequeno que estaba xusto ó lado daquel alpendre non moito máis grande do que acababa de saír, abriu a porta e entrou ata quedar de fronte a un vulto que lle daba pola cintura e estaba tapado cunha saba, tirou desta e deixou ó descuberto unha auténtica obra de arte: unha mobilette do ano 1975 restaurada artesanalmente, e negra e coas lamias vermellas, unha peza única que era o seu ben máis prezado, que fora pasando de pais a fi llos de xeración en xeración; certo era que as reservas de petróleo esgotáranse hacía décadas, pero a súa familia dera cunha mestura que facía traballar os motores de explosión grazas, sobre todo, ó ingrediente fundamental, que era o licor de asente, debido ós graos do alcohol que posuía, e que Xabier fabricaba naquel mesmo caseto no que estaba a moto. Non pasaba moi inadvertido indo nun vehículo así polas rúas, pero negábase a usar un daqueles aparellos eléctricos coa velocidade limitada para ir a paso de tartaruga, inútiles nunha persecución da palloca. Subiu nela e encendeuna coa chave, sistema que el mesmo lle acoplara, deixándose oír o suave son do motor funcionando, “brum bum bum, brum bum bum...”, perfecto, tanto que só se podía comparar co daquelas motos que saían nas antigas películas de principios de milenio que tiña arquivadas nalgunha parte do disco duro no seu mircoordenador; encantáballe aquela máquina, era a segunda cousa que máis quería despois daquela muller que lle roubara o corazón dende o primeiro momento que a vira, agarrando dun pucho que fora matar á súa casa, esa muller tíñao toliño; así que sen máis, acelerou e saíu do alpendre a fume de carozo deixando a marca das rodas polos camiños enlamegados ata chegar ó seu destino.

Meteu a moto nun alpendre para ceibala de miradas indiscretas e dispúxose a entrar naquela casa na que tiña pasado tan bos momentos, quería darlle unha sorpresa á “súa muller”, como el a chamaba; paseniño, abriu a porta sen facer ruído e pechouna tras de si, quitou aquelas botas brutas para non facer ruído no piso de madeira e estralicou os

nocellos para evitar posibles rúidos, dirixiuse por aquel corredor estreito e en penumbra ata a cociña, de onde proviña o cheiro dunha boa potada de caldo, remexéuselle o estómago coa fame; ó entrar na cociña viu para o seu asombro que non había ningúen, “qué estraño”, pensou, e cando se dispuña a darse a volta e marchar encontrouse de fronte co frío ferro dunha pá dándolle nos fuciños, co que case perdeu o coñecemento, caendo ó chan e botando as máns ó rostro laiándose, pero parou cando sentiu unha voz que lle era máis que familiar.

- Xabier? Es ti?- dixo Paula botándose sobre el e acariñándoo.

- Quen ía ser senón? Teu pai? – tiña un humor negro.

- Perdoa.. pobriño, eu non pretendía...

- Dá o mesmo- replicou el- agora xa está, polo menos vexo que te protexes ben – e deixou asomar un sorriso na súa cara amoratada. Estiveron falando mentres comían xuntos, e estívolle explicando porque non aparecera dende facía tres días, pois no último traballo que levara a cabo irrompera a policía e el conseguira escapar de milagre, “cada vez organízanse mellor e están mellor preparados” díxolle poñendo cara de morto, ademais vira como levaban presos os catro compañeiros que non deran escapado.

- Teñen un arma nova que lanza uns dardos cargados de electricidade que che paralizan, seino porque un deles doume na perna e non a puiden mover en tres horas, se non fora pola moto non daría saído de alí, menos mal que sempre a deixo cerca.

- Pobriño-respondeu ela- tesme moi preocupada, cada vez sálvaste por menos, estou pensando que sería mellor deixalo todo, vente comigo e teñamos unha vida tranquila, estou farta de pedircho.

- Xa o sei, e estiven pensando niso, cada vez vou máis vello para isto, xa non son un rapaz, estou empezando a sentirme cansado, non sei se deixalo e dedicarme só a ensinar, como un mestre, pero sen levar a cabo ningún traballo. Pero hoxe chamoume Loncho para un traballo, á noite, e xa dixeran que si.

- Loncho? Que é del? Mira que hai tempo que non o vexo, mesmo se deron rumores de que o prenderan.

- Iso era o que pensaba eu, por iso desconfi ei, o que máis me estrañou é que non me preguntou

nada sobre como ía, e sabes que el non é home de poucas palabras, pero págame ben, e non vou deixar pasar esta oportunidade, pero asegúroche que despois desta o deixo.

Seguiron falando un pouco máis, facendo plans pra o futuro, e pouco a pouco, entre axudarlle a lavar a louza e limpar alguha que outra cousa foi pasando a tarde e comezou a oscurecer.

- Bueno teño que marchar que quedei ás oito con el e teño que pasar pola “casa” a por unhas cousas.

- Bueno coidate moito, e ten coidado- díxolle Paula ó tempo que se acercaba a el e lle daba un bico nos beizos.

E sen máis, marchou, subiu na moto e saíu escopeteado. Cando chegou á casa baixou da moto, púxolle o pedal de apoio e dirixiuse á porta, meteu a man na maceta da parede e quitou a chave. Entrou dentro e dirixiuse a un pequeno armario que había nunca esquina, abriuno e deixou ó descuberto unha mostra de coitelos, de todos os tipos, pequenos, grandes, sen afi ar, afi ados, co mango de madeira ou de metal... pero botou a man ó máis grande, tan afi ado que cortaba como ningún outro, e que estaba posto nun estante só, co mango dourado e unha inscrición que constaba só dunha letra “X”; fora un regalo do seu avó, que fora pasando de xeración en xeración dende facía case dous séculos e que, en vez de darllo o seu pai doullo a el antes de morrer debido ó gran vínculo que os unía, “boto de menos ó avó”. Aparte tamen colleu dous coitelos máis que agochou nas botas e a escopeta de canóns recortados que estivera limpando pola mañá e que meteu debaixo do abrigo de coiro, á altura da cintura, así como uns cantos cartuchos para ela. Lonxe de alí, sentado na mesma cadeira na que quedara cando chamara Xabier, Loncho estivera toda a tarde suando unha suor fría, sen poder pensar noutra cousa que non fose pensar na súa obriga de axudar a Xabier, dábase conta de que el nunca lle faría alg así, “antes morto que traidor”. De súpeto viu como chegou o coche de Totonó, e como este baixaba e se dirixía a el.

- É a hora, recorda que quedaches con el ás oito, vas no R5 pa que non sospeite nada, vas ir só, pero ímosche implantar un dispositivo de seguimento no lóbulo da orella, se te saes da ruta ou notamos algo raro atente ás consecuencias, temos unha patrulla que che vai seguir a cinco quilómetros por se a caso, así que moito coidado con facer parvadas.

Botoulle unha mirada despectiva e deixou que lle acercara unha especie de pistola coma as que se usaban para facelos buracos nas orellas para poñer os pendientes, sentiu un pequeno pinchazo e empezou a oír un pitido como se viñese de dentro del.

- Tranquilo, o pitido dura un momento namais mentres que o dispositivo se encende e autoconfigura para emitir a señal. Podes marchar, e recorda a advertencia.

- Saíu do garaxe, meteuse no automóbil e dirixiuse ó lugar do encontro con Xabier. Ó chegar viu como o seu mellor amigo xa o estaba esperando e lle dixo ola coa man, foi entón cando se puxo pálido, pois deuse conta de que fácil sería poder advertilo do perigo, pero sabía que había micrófonos instalados no coche, e non podía baixar del porque xa o avisara Totonno de que non fi xera nada estrano, así que baixou a ventá e dirixiuse ó seu compañeiro.

- Bueno que, vamos ou quedamos? Veña, canto antes cheguemos antes acabamos.

- E subiu de novo a ventá.

- Xabier levaba uns cinco minutos xa esperando cando viu chegar aquel coche tan familiar, de feito fora él quen o puxera a andar a petición de Loncho, e non lle levara pouco traballo precisamente; acercouse un pouco a el coa intención de charlar un pouco e preguntarlle por el, pero non lle dou tempo ó dirixirlle el unhas palabras breves e secas, o que o desconcertou aínda máis do que estaba, polo que se dispuxo a subir na moto e marchar. Levaba case media hora seguíndoo e cada vez estaba máis estrañado, algo non ía ben, Loncho nunca resperata os sinais de tráfico, e non obstante desavez paraba ante a presenza da mínima señal de stop e respetaba os límites de velocidades, que era ben baixo por certo, era como se lle intentase mandar sinais de que non ía todo ben; así que tomou como determinación ser máis precavido.

Ó chegar a aquela aldea chamada Revixós, medio en ruínas, na que non se vía unha alma, viu como Loncho se metía por unha congostra bastante estreita e aparcaba o coche de lado dunha antiga casa de pedra, que daba a impresión de levar anos sen habitar; baixou da moto e dirixiuse a el, que o espereba xa diante da porta.

- Parece unha casa en ruínas non?- díxolle abrindo de máis os ollos, Xabier entendeu entón perfectamente que algo ía mal, e que

Loncho se vía atrapado entre a espada e a parede.

- Si, xa mo pareceu no momento en que a vin,- respondeulle mentras abría tamen demais os ollos, pensando algo que podería facer- espera, veño agora, que me quedou o coitelo na moto.

Non era verdade, sabía perfectametne que tiña o coitelo nunha funda nas costas por debaixo do abrigo; achegouse á moto e levantoulle o asento, collendo un coitelo que tiña de repostos e un revólver que levaba sempre alí, que agochou no peto do abrigo, logo dirixiuse a Loncho e pegouse a el, agochando como lle pasaba arma a posibles miradas.

- Bueno vamos logo- díxolle mirándoo fixamente.

- Si, vamos- respondeulle Loncho sentíndose máis seguro de si mesmo ó ver que Xabier xa o entendera todo e estaba preparado.

Entraron á casa, que tiña os mobles podres, e seguiron por un corredor que daba á horta do lado de atrás, onde se encontraron con dous homes que agarraban dun porco, bastante manso polo visto, que non semellaba para nada ser criado na casa, pero aínda así un exemplar considerable.

- Levamos un anaco esperando- dixo un dos homes mirando para Xabier.

- Bueno, pois cando queirades empezamos respondeu el sen darlle a máis mínima importancia.

Quitou o coitelo da funda e acercouse ó animal.

- Estadés listos? O trato era que eu só o mataba, así que chantolle o coitelo, espero a que morra e deixe de patear, e marchamos.

- Pero Xabier, non me dixeras que ou facías todo ou non facías nada?- replicou Loncho mirándoo outra vez cos ollos abertos de par en par.

- É verdade- respondeu, captando a indirecta- xa non me acordaba, de todos modos pouco vou tardar.

Esperou a que o deitaran no banco e o agarraran ben, entón agochouse de lado do animal e dispúxose a cravarlle o coitelo, entre as dúas patas de diante, buscando o corazón para que a agónía fose curta e non dera maiores problemas. Cando llo empezou a cravar notou como o porco estaba empezando a querer patear, pero agarrábano ben entre aqueles dous homes, que semellaban ter bastante forza; aproveitou ese intre no que estaban ocupados en agarrar do animal pra quitar o coitelo rápido e facerlle unha cortada na mán ó que o estaba agarrando polas pernas detrás, quen nun acto reflexo soltou as pernas do animal, que lle propinou

un golpe no peito e o tirou ó chan deixando soar un ruído a ósos rotos. O outro home case non tuvo tempo de reaccionar, pois Xabier cravoulle o coitelo de lado a lado, matándoo no momento. Foi entón cando Loncho se acercou correndo ó que caera ó chan, que xa se estaba empezano a levantar, e doulle unha patada na cachola con toda a ansia do mundo, deixándoo de novo inconsciente.

Ó momento sentiron un gran rebumbio de xente que se empezaba a acercar.

- Rápido!- gritou Loncho—marchemos de aquí que se nos botan enriba!.

Nese momento sentiron unha voz.

- Collédeos e matádeos! Ós dous! Veña!.

Era Totonno, esa voz seca e incofundible pra Loncho. Botaron a correr adentrándose de novo na casa, Xabier quitou a escopeta a tempo de lle disparar a dous homes que xa entraban pola porta, mentres que Loncho lle atinaba a un que lles viña polas costas.

- Perdoa amigo! Non tiven máis remedio que colaborar, quitáronme do cárcere e ti non sabes como é aquilo, non quería volver! - díxolle mentres corría cara o coche. Non obstante Xabier agarrouno e levouno cara a súa moto.

- Sube! Liscamos nisto, a túa ferranxa non anda ni para atrás.

- Comprendendo que nese momento non importaba para nada o seu perdón, dirixuse cara a moto.

- Pero non vale de nada, metéronme un chip no lóbulo e pódeno rastrexar!

Sen mediar palabra, Xabier quitou o coitelo que tiña no lombo, agarrouno pola orella que lle estaba indicando e cortoulle o lóbulo coma quen corta un papel, case sen esforzo, polo que Loncho botou a man á ferida e comezouse a laiar.

- Estás perdoado!- antes isto, Loncho parou de laiarse e sorriu. “que importa unha orella máis ou menos”, pensou.

Foi entón cando asomou Totonno pola porta da casa e comezoulles a disparar, ante o que Xabier colleu o coitelo que xa tiña na man e lanzoullo, dereito ó peito, deixándoo cravado no marco da porta.

- Sube xa hostia!

Subiron os dous na moto e acendeuna, afastouse do lugar a fume de carozo, xusto cando empezaban a aparecer máis homes armados a dispartalle, pero cando estaban xa algo lonxe, comezou a dar volta, o que fi xo que Loncho mexara por el.

- A onde vas? Non pensarás voltar? Ti estas

tolo!”

- Axúdame, colle a pistola, non penso liscar sen o coitelo do meu avó.

- Loncho comprendeu entón que o motivo era máis que sufi ciente, niso consistía o espírito galego, non podía deixar un obxecto tan importante no esquecemento, e sentíase culpable.

- Está ben, pero apura!

E tirouse da moto xusto cando estaban case diante da casa, disparándolle a uns e a outros, que quedaran sorprendidos coa súa volta, mentres que Xabier se dirixía a Totono, que seguía cravado na porta mirando para o coitelo con cara de pánico, e viu como botaba a man e llo arricaba sen escrúpulos ningún, mentres coa outra disparaba a un e outro lado coa escopeta.

Gardou o coitelo outra vez na súa funda botou a man ó acelerador, dirixíndose cara a Loncho, onda o que parou, pero xusto cando ía subir este, viu como un disparo lle alcanzaba na perna, afogando un grito de dolor, botoulle a man e subiuno á moto, marchando de alí ó máximo que daba o motor.

Estaban a salvo xa, era imposible que os colleran con aqueles vehículos eléctricos tan cutres e que apenas acadaban velocidade. Levoulles case unha hora chegar á casa de Paula, dando voltas para despistar calquera tipo de seguimento, e dándolle tempo a Xabier para tomar a decisión de deixar aquilo, deixadalo en mans doutros máis mozos e dedicarse só a transmitir a súa experiencia. Había moito que facer e poucos coma el, pero mentres seguiran vivas persoas así, habería esperanza para o seu pobo.